

“Quería facer unha novela que afondase nas raíces galegas e que xogase coa maxia e a alquimia que agochan”

Galiciaé

18/abr./11

A continuación da historia de *Dragal*, o último dragón galego, chega ás librarías co segundo tomo da triloxía. A súa autora, a xornalista Elena Gallego, confesa que a idea de *Dragal* xurdiu cando viu que o seu fillo adolescente comezaba a interesarse pola lectura a través da literatura fantástica como *Harry Potter*. Así, ocorréuselle facer unha “novela que afondase nas raíces galegas” e que xogase coa “maxia e coa alquimia que agochan” as historias do imaxinario popular.

P: Vostede é xornalista. Que lle moveu a escribir un libro?

R: Desde moi cativa sempre tiven o soño de escribir, de feito fíxenme xornalista porque me gustaba escribir, a radio, o xornalismo... Teño que confesar que o primeiro libro escribino con doce anos pero é infumable. A miña nai gardouno nun caixón, aínda mo deu hai pouco e non fun capaz de abrílo porque as cousas que se fan con doce anos, evidentemente non dan moito de si. Cando xurdiu *Dragal* xa tiña algunha cousiña pero esta en concreto xurdiu porque teño un fillo, que tiña daquela quince anos e a habitación chea de dragóns. Aparte diso, era un rapaz ao que non lle gustaba ler e comezou a collerlle gusto á lectura con novelas fantásticas do estilo de *Harry Potter*. Chega un momento no que ti dis “é unha pena que estas cousas que está lendo sexan de fóra”. Entón empecei coa historia: un rapaz de dezaseis anos que está na aula do instituto. Mira pola fiestra e na portada dunha igrexa románica que hai enfronte ve que unha das figuras, que é un dragón, chíscalle un ollo. A partir de aí empecei a imaxinarme que acontecería se ese dragón se reencarnase, que Hadrián chegase a converterse no dragón. É un rapaz dun pobo, dunha aldea da costa galega e un dragón cunha profecía de 2000 anos de existencia agochado nun templo románico.

P: O protagonista, Hadrián, é un adolescente. En que se poden sentir identificados os mozos de hoxe en día con Hadrián?

R: En realidade é unha novela coral, hai varios protagonistas e varias historias. Para un rapaz de dez anos, o que lle vai interesar é a historia da investigación da Hadrián. Por outra parte eu quería facer unha novela que afondase nas raíces galegas. Nós en Galicia temos historias no nos imaxinario coas que podemos xogar. Con elas e coa maxia e coa alquimia que agochan e facer unha historia fantástica. Lendo *Dragal* descubres que debaixo da igrexa de San Pedro hai unhas catacumbas e que nelas podes seguir unhas sendas que levan a unha cripta fantástica. Ao mesmo tempo hai unha poza moura. Eu creo que en Galicia debe de haber unha vinte pozas

da mouro e cada unha ten unha lenda diferente. Para a novela eu inventei unha que non ten nada que ver coas lendas que eu coñecía.

P: As comparacións son inevitables. En que se parecen e en que se diferencian Hadrián de Harry Potter?

R: Cando empecei a escribir a historia o que non quería era que ninguén se metese nun armario e entrase nun mundo marabilloso. Unha das dificultades que para min tivo *Dragal* foi que en todo momento está situado na vida real. Hadrián vaise transformar en Dragal na vida real e incluso vai haber probas científicas da transformación. Hai unha mutación xenética que temos que buscar na vida real para que sexa posible. Outras historias de vampiros e de magos teñen un mundo paralelo. En *Dragal* o que intentei é que poda manterse todo o tempo na vida real, con problemas da vida real. Hadrián é un rapaz que chega novo a un instituto e ten problemas de bullying. A diferenza entre Hadrián e Harry Potter é que viven en mundos diferentes. Harry Potter está no mundo de Hogwarts que non ten nada que ver co mundo real e Hadrián vive nunha vila da costa e vai ó instituto, ten que ordenar a súa habitación, facer deberes, etc.

P: Por que escolliches contar a historia de *Dragal* nunha triloxía?

R: Non pensaba que ía ser unha triloxía, non escribín *Dragal* cun guión previo. Empecei por facer unha cousa curta e foi collendo vida. Claro, cando rematei a primeira novela quedaban moitas cousas por contar, rematas un libro de 265 páxinas e tes que seguir. Pero non podes seguir cun libro de 700, entón chega un momento no que teñen que ser tres. Non é que fixera algo adrede por alongalo nin porque estea de moda que sexa unha triloxía. As propias personaxes foron facendo un pouco o que eles querían. Empezou sendo unha historia moi sinxela para demostrar que se poden facer historias moi interesantes en galego e empezou a medrar ela soa.